

TODOS LOS SABEN

[Asghar Farhadi, 2018]

439

ESTREA EN NUMAX: 21.09.2018 | V.O. | +12

Todos lo saben (2018, 130')

Dirección: Asghar Farhadi

Guión: Asghar Farhadi

Elenco: Penélope Cruz, Javier Bardem, Ricardo Darín, Eduard Fernández, Inma Cuesta, Bárbara Lennie, Elvira Mínguez, Ramón Barea, Carla Campra, Saadet Aksoy, Sergio Castellanos

Son: Dani Fontrodona, Gabriel Gutiérrez

Montaxe: Hayedeh Safiyari

Música: Alberto Iglesias (Cancións: Nella Rojas, Javier Limón)

Vestiario: Sonia Grande

Fotografía: José Luis Alcaine

Produtoras: Memento Films Production, El Deseo, Lucky Red, Morena Films (España, Italia, Francia)

Distribuidora: Universal

Formato de proxección: DCP2K, 1.85:1

Idioma orixinal: Español, inglés, catalán

PREMIOS E FESTIVAIS

Cannes 2018 (Sección oficial)

FILMOGRAFÍA

El viajante, 2016

El pasado, 2013

Nader y Simin, una separación, 2011

A propósito de Elly, 2009

Fireworks Wednesday, 2006

Beautiful City, 2004

Dancing in the Dust, 2003

SINOPSE

Laura viaxa coa súa familia desde Bos Aires ao seu pobo natal en España para unha celebración. O que ía ser unha breve visita familiar verase trastocada por uns acontecementos imprevistos, que mudarán por completo as vidas dos implicados.

«Dous irrefutábeis Bardem e Cruz. Unha agre e dolorosa disección da mentira do director iraniano»

Luis Martínez, EL MUNDO



“Hai máis similitudes que diferenzas entre a cultura iraniana e a española”

Entrevista con Asghar Farhadi

Por Javier Estrada

Que pensarías se algún espectador despistado pensase que este filme foi dirixido por un español? Sería un grande eloxio! Desde o principio busquei que o espectador pense que é unha película española e, por outra parte, que non o fora de máis. Non quería caer nos clichés dos touros e o flamenco. Ademais teño a teoría de que hai máis similitudes que diferenzas entre a cultura iraniana e a española.

Como definirías a relación que manteñen Paco e Laura, os personaxes aos que dan vida Bardem e Cruz? Laura e Paco manteñen unha relación moi complicada na que non se queren dicir as cousas á cara. Iso pasa moito entre dúas persoas ás que se lles acabou o amor pero aparentan certa normalidade.

Cal é a mellor forma de dirixir un filme tan complexo coma este? Logo de ter dirixido varios filmes deicáteime de que o nivel dun realizador vén definido polo feito de deixar que cada un dos membros do seu equipo poida gozar. Hai directores que gozan dirixindo e outros, en cambio, preparando a rodaxe. Eu son dos que o fai rodando ou vendo como o equipo goza co que fai.

Hai quen viu neste filme referencias ao cinema de Carlos Saura.. Aínda

que, a primeira vista, pode parecer que hai diferenzas evidentes entre o que el fixo e este filme, somos moi parecidos. Encántame o cinema de Carlos Saura, sobre todo os traballos que están relacionados coas tradicións españolas.

Publicado en www.elmundo.es

* * *

“Asghar Farhadi é un ser bastante único”

Entrevista con Penélope Cruz

Por Beatriz Martínez

Como foi ese momento no que Asghar Farhadi a chama para lle dicir que quería facer un filme en España? Foi hai cinco anos. Deume moitísima ledicia porque son moi fan do seu traballo desde hai moito tempo. Parecíame alguén moi especial e dábame a sensación de que co seu cinema era quen de explorar conflitos da natureza humana dun xeito moi profundo. Agora que pasei tempo canda el podo confirmalo, é un ser bastante único. Estivemos en contado desde ese intre, contoume a idea que tiña na cabeza, que partía do meu personaxe e do de Javier. Ao longo dos anos mudaron cousas do proxecto pero íanos enviando cada cambio, cada tratamento. Aos poucos todo comezou a tomar forma. Está claro que é un director moi meticuloso que lle dedica moito tempo a cada película. E iso nótase, claro está.

Cando un director estranxeiro vén rodar a España adoita facelo en inglés. Porén,

Farhadi apostou por rodala en castelán para dotar de maior autenticidade a proposta. Impresióname que, cando estás a ver o filme, esqueces que detrás da cámara hai un director iraniano. Sempre me pregunto como foi quen de se meter así na nosa cultura, mergullarse nela e comprendela desde un lugar moi fondo, evitando caer en calquera tipo de cliché. Cando traballas con alguén que deixa a pel no seu traballo dáche azos para te esforzar aínda máis.

Ao longo do tempo interpretou papeis dunha alta complexidade emocional. Penso en *No te muevas* (Sergio Castellitto, 2004), *Elegy* (Isabel Coixet, 2008), *Los abrazos rotos* (Pedro Almodóvar, 2009) ou *Ma ma* (Julio Medem, 2015). Porén, ten declarado que o personaxe de Laura en *Todos lo saben* foi dos máis complexos da súa carreira. Fixen moito drama, é verdade, e moitos personaxes difíciles, pero son os máis complicados, os que supoñen un reto, os que te moven como intérprete. Na primeira parte do filme, Laura chega ao pobo chea de ilusión para se reencontrar coa familia. A escena da voda coído que é marabillosa, como está rodada por parte de Asghar, respira tanta vida e ledicia pero no fondo sabes que algo vai pasar que todo se vai torcer. A partir de aí o que lle ocorre ao meu personaxe é devastador e a maioría das escenas arrancan desde a desesperación e a dor máis profunda. Foi un traballo moi esixente pero non o digo como unha queixa, ao revés. Estou agradecida porque son personaxes a través dos que podes falar de cousas importantes e tocar sentimentos moi complexos.

Publicado en www.elperiodico.com
Traducións: Xan Gómez Viñas

NA LIBRARÍA NUMAX

El viajante, Asghar Farhadi. Cameo [DVD]

Los abrazos rotos, Pedro Almodóvar
Cameo [DVD]

Volver [edición coleccionista], Pedro Almodóvar
Cameo [DVD]

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TEL 981 560 250 | www.numax.org

Abónate
agora e ven
sempre por

4€

Novas tarifas
válidas a partir
do 6 de xullo

Faite
NUMAX!